



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE OUTUBRO DE 2011**

### **LICENZAS FAVORABLES.-**

**LIC/2492/2007.- INMOBILIARIA PAXONAL SL.** Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de abril de 2009 para a construción dun edificio na Rúa Raxeira e subsanación de erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do día 7 de abril de 2009.

**LIC/1060/2009.- MARIA LUISA MONTERO REY.** Licenza de derruba da edificación existente entre medianeiras na rúa Concherios, 4.

**LIC/1837/2005.- PROMOSAN GALICIA, SL.** Subsanan acordo da Xunta de Goberno Local do día 9 de xuño de 2009 e 26 de setembro de 2011.

**LIC/2161/2007.- ACATIA INVERSIONES, SL.** Construción dun edificio de planta baixa, dúas plantas altas para dúas vivendas na rúa Teo número 17.

**LIC/1636/2011.- MARÍA DEL CARMEN NIEVES SEOANE.** Construción de almacén no lugar de Eixo de Abaixo, 8.

### **4.- Prórroga do contrato de subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago.**

A XGL, á vista da próxima finalización do contrato de subministración de consumibles de impresión para o Concello de Santiago, aprobou a prórroga do mesmo por un período de 6 meses, ata o 10 de maio de 2012.

### **5.- Proposta do concelleiro delegado de Normalización Lingüística relativa á convocatoria da décimo segunda edición do Premio Manuel Beiras (2011).**

A proposta do concelleiro de Cultura e con base no convenio de colaboración coa Cámara de Comercio, a XGL aprobou a Convocatoria da XII edición do Premio Manuel Beiras 2011, que corresponde presidir á Cámara de Comercio. Para os gastos de edición, distribución, materiais informativos e publicidade nos medios haberá un orzamento de 10.923 €.

### **6.- Proposta do concelleiro delegado de Normalización Lingüística relativa ao inicio da convocatoria de tres bolsas de prácticas para alumnado de Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa da Universidade de Santiago.**

Para dar cumprimento ao Convenio de colaboración coa USC, a XGL aprobou iniciar a convocatoria de tres bolsas de prácticas para alumnos de Filoloxía Galega e Portuguesa da USC a realizar no Departamento de Lingua Galega do Concello. As prácticas realizaranse durante o curso escolar 2011/2012. Terán unha duración de 360 horas e centraranse en tarefas de planificación, dinamización e asesoría lingüística no Departamento de Lingua Galega do Concello. O Concello outorgara unha bolsa de 2.700 € a cada bolseiro

### **7.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa a modificación dos días para a celebración de vodas civís.**

A XGL aprobou a modificación do Decreto que rixe os días para a celebración de vodas civís, polo que de agora en adiante non se celebrarán vodas nin sábado pola tarde, nin domingos nin festivos, nin aqueles que non teñan a consideración de hábiles para o persoal do Concello. As peticións para a celebración de vodas civís quedará supeditada ás necesidades do Concello respecto do uso do Salón Vermello.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Orzamentos reitiva a designación de representante do Concello de Santiago na Xunta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria de Galicia.**

A XGL aprobou a designación de Esther Sánchez Espiñeira, técnico do departamento de Urbanismo, Planeamento e Xestión, como representante do Concello na Xunta Territorial de Coordinación Inmobiliaria de Galicia.

**9 a 62.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre construcións, instalacións e obras, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**URXENCIAS**

1.- A XGL deu conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Academia Galega de Seguridade Pública, para a formación continua do persoal do Corpo de Bombeiros do Concello de Santiago.

2.- Dáse conta da solicitude de subvención á Consellería de Traballo de Benestar para a realización do proxecto integrado “Emprego Santiago” para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego

3.- Apróbase o proxecto modificado número 2 do de construción no barrio de Santa Marta dun equipamento sociocultural así como a adxudicación das obras do citado proxecto.

4.- Adxudícase o contrato denominado “obras de reparación de diversas cubertas do Auditorio de Galicia” á empresa RENDAL por importe de 158.400 euros máis IVE.

5.- Dáse conta do convenio entre a Deputación e o Concello por importe de 350.000 euros para executar o Plan de Competitividade Turística a desenvolver por Incolsa.

6.- Procedeuse á contratación do programa Cinensino, para facilitar o labor educativo nos centros escolares no marco da prevención no consumo de drogas.